

A forza dos instintos

Na loita pola igualdade

ROCÍO MOAR QUINTELA

Álex Alonso (Vigo, 1968) gañou no 2010 con *Xénero imperfecto* o VI Certame de Relatos de Muller "Matilde Bares" convocado polo Concello de Bueu. O volume estrutúrase en doce relatos, precedidos dunha fotografía que xunto co título sintetiza e suxire o contido dos mesmos.

O autor dános unha visión da problemática da violencia de xénero dende dentro, partindo dos sentimentos máis íntimos dos seus protagonistas. Fuxindo das verdades absolutas e dos estereotipos, proxecta escenas dunha complexa realidade na que todos son vítimas, dos demais ou de si mesmos. Como bálsamo á traxedia, xorde a evasión a través da imaxinación e da arte literaria, pictórica e cinematográfica. Acontecementos e lugares reais enfiáanse habilmente con escenas da literatura e do cine: momentos e espazos gravados na mente como o "Modus Vivendi" en Compostela ou a praia de Camelle, veñen convivir con imaxes de películas como *Doutor Zhivago*.

Esta historia trágica na que parece ter un papel fundamental o azar e a forza dos instintos animais, serve como testemuño dunha problemática social latente na que moitos homes e mulleres se poden ver reflectidos e contribúe a continuar na loita pola igualdade, a dignidade e a liberdade das persoas, independentemente do xénero ao que pertencen.

Xénero imperfecto, Ed. Concello de Bueu, 2011, PVP. 14.40 €